

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, SENSIBILIZACIÓN E ACCESIBILIDADE COGNITIVA NO ENTORNO SANITARIO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 7 de xullo de 2022 coa FEDERACIÓN AUTISMO GALICIA o instrumento convencional arriba referido, que entrará en vigor o día seguinte da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2022.
- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do convenio, ten por obxecto o desenvolvemento das seguintes accións: o desenvolvemento de actividades de sensibilización para a sociedade en xeral, o desenvolvemento de actividades formativas específicas para profesionais no ámbito do TEA, o desenvolvemento de actividades relacionadas coa promoción da saúde, a adquisición de hábitos saudables e habilidades funcionais nas persoas con TEA, e o desenvolvemento de actividades de mellora da accesibilidade cognitiva, analizando as barreiras que deben ser superadas e mediante a colocación dunha sinalización nos centros sanitarios que identifica os espazos e as actividades.
- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.
- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta en que ámbalas dúas partes consideran de particular importancia e de interese público o establecemento dunha liña conxunta de actuación e colaboración para o desenvolvemento de actividades de divulgación e sensibilización dende a Federación Autismo Galicia encamiñadas a facilitar o achegamento ao sistema sanitario daquelas persoas con problemas específicos de comunicación como son as persoas autistas.
- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na "Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014", ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do

18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

